



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito comunitario

Materia	Dereito comunitario			
Código	003G080V01701			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	González-Ares Fernández, José Agustín Sánchez Ramos, María Belén			
Profesorado	González-Ares Fernández, José Agustín Mosquera Casero, Jose Sánchez Ramos, María Belén			
Correo-e	ares@uvigo.es bsanchez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O estudo desta materia permitirá ao estudante coñecer mellor a súa condición de cidadán europeo e, sobre todo, ampliará a súa comprensión da dimensión xurídica da Unión Europea. Isto último permitiralle constatar a importancia que pode alcanzar o dereito nos procesos de integración.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais
A3	Comprender o carácter unitario do ordenamento xurídico
A4	Coñecer os principios e valores constitucionais
A6	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
A7	Coñecer as estruturas sociopolíticas do ámbito nacional e internacional
A8	Ser quen de argumentar xuridicamente
A12	Ser quen de manexar fontes xurídicas
A15	Ser quen de manexar a oratoria xurídica
A16	Ser quen de dominar as novas tecnoloxías aplicadas ao dereito
A17	Ser quen de elaborar normas
B1	Capacidade de síntese e análise
B2	Capacidade de aprender
B3	Capacidade de xestión da información
B5	Capacidade para organizar e planificar
B6	Resolver problemas de forma eficaz
B7	Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo
B8	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B9	Traballar de forma cooperativa
B11	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B12	Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo (habilidades nas relacións interpersoais)
B13	Traballar desde unha perspectiva comparada, manexando información comparada

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
(*)	A6 A7 A8 A12

(*)	A2 A3 A4	
(*)	A15 A16 A17	
(*)		B1 B2 B3 B5 B8
(*)		B3 B5 B6 B7 B9 B11 B12 B13

Contidos

Tema	
Tema 1. Orixe e evolución histórica da Unión Europea	1. Antecedentes históricos da UE 2. O proceso de profundización da UE 3. O proceso de ampliación da UE
Tema 2. Natureza xurídica e caracteres da UE	1. Configuración xurídica: a UE como Organización Internacional 2. Valores, obxectivos e principios 3. O sistema de competencias
Tema 3. A Unión Europea e a teoría do poder constituínte	1. A integración europea no marco das formas de Estado 2. O "Dereito orixinario" da UE e o concepto de Constitución
Tema 4. Fundamento e alcance constitucional da pertencencia á UE	1. Bases constitucionais da pertencencia á Unión Europea 2. A pertencencia á UE e as súas consecuencias sobre o sistema constitucional de fontes do Dereito 3. A pertencencia á Unión Europea e as súas consecuencias sobre a organización territorial do Estado español
Tema 5. Sistema institucional da UE (I)	1. Consideracións xerais: principios e medios 2. O Consello Europeo 3. O Consello
Tema 6. Sistema institucional da UE (II)	1. O Parlamento Europeo 2. A Comisión 3. Outras institucións e órganos
Tema 7. Ordenamento xurídico da UE (I)	1. O Dereito orixinario 2. O Dereito derivado 3. O proceso de formación do Dereito derivado
Tema 8. Ordenamento xurídico da UE (II)	1. As relacións entre o Dereito da UE e os Dereitos internos dos Estados membros 2. Os principios de efecto directo, primacía e responsabilidade do Estado 3. Desenvolvemento e execución do Dereito da UE
Tema 9. Sistema xudicial da UE	1. O Tribunal de Xustiza da UE: organización e funcionamento 2. Sistema de recursos ante o TJUE 3. A cuestión prejudicial: cooperación entre o TJUE e o xuíz nacional
Tema 10. Dereitos humanos e cidadanía europea	1. O proceso de incorporación dos Dereitos no Dereito da UE 2. A Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea 3. A cidadanía europea
Tema 11. As liberdades fundamentais do mercado interior	1. O proceso de integración económica 2. A libre circulación de mercancías e capitais 3. A libre circulación de persoas e servizos
Tema 12. As políticas da UE	1. As políticas comúns da Unión 2. As políticas compartidas da Unión 3. As políticas nas que a Unión dispón de competencias de cooperación, apoio, complemento ou axuda
Tema 13. Acción Exterior da UE: Política exterior e de seguridade común	1. A personalidade internacional da UE 2. As competencias internacionais da UE 3. A Política exterior e de seguridade común

Tema 14. Espazo de liberdade, seguridade e xustiza: tutela xudicial e procesal na Unión Europea

1. Proceso de constitución do Espazo de liberdade, seguridade e xustiza
2. Control de fronteiras, asilo e inmigración
3. Cooperación xudicial civil e penal
4. Cooperación policial en materia penal

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	35	27	62
Sesión maxistral	35	40	75
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Os traballos do aula centraranse na realización de diversas actividades onde o principal protagonista é o alumno. As actividades consisten basicamente, na resolución de casos prácticos así como a exposición de traballos no aula
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais presentarase e explicarse ao alumno os aspectos principais da disciplina

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Consideramos que segue sendo esencial a tutoría individualizada
Traballos de aula	Consideramos que segue sendo esencial a tutoría individualizada

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Os coñecementos adquiridos na sesión maxistral serán avaliados mediante unha proba escrita na que se exporán cuestións de desenvolvemento. Estas probas realizaranse nas seguintes datas: -1ª oportunidade: 8 de xaneiro ás 10:00h, aulas 2.4 e 2.5 -2ª oportunidade: 23 de xuño, ás 10:00h nas aulas 1.4 e 1.5	80
Resolución de problemas e/ou exercicios	O traballo da aula valorarase en atención a dous criterios: por unha banda, os casos prácticos e traballos que sexan obxecto de exposición na aula, así como, por parte, mediante os traballos ou casos prácticos que deberán ser entregados ao profesor	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

A impartición e avaliación desta materia é responsabilidade de dúas áreas de coñecemento a área de Dereito Constitucional e a área de Dereito Internacional Público.

-A área de Dereito **Internacional impartirá as leccións 1-2; 5-8 e 13**. Estas leccións impartiranse na primeira metade do primeiro cuadrimestre.

-A área de **Dereito Constitucional impartirá o resto do temario**, é dicir, **leccións 3-4; 9-12 e 14**. Estas leccións impartiranse na segunda metade do primeiro cuadrimestre

En canto á **avaliación final**, cada unha das áreas de coñecemento que participan na materia ten un peso proporcional á súa carga docente: Dereito Internacional 50% e Dereito Constitucional 50%. Cada área, á hora de determinar a súa nota, farao seguindo os criterios establecidos na metodoloxía, é dicir, 80% exame final e 20% traballos de aula.

En relación á proba ou exame final escrito, esta proba constará de dous partes, unha por cada Área de coñecemento. Cada parte farase en follas independentes, para que cada profesor poida corrixir o seu parte.

Para superar a materia é necesario obter un mínimo do 50% en cada parte.

Os alumnos que non se sometan á avaliación continua, a proba a realizar constará de dous partes: a realización dunha proba

escrita con cuestións de desenvolvemento así como a resolución dun caso práctico, exame que, en todo caso, representará o 100% da cualificación

As probas de avaliación final realizaranse nas seguintes datas:

-1ª oportunidade: 8 de xaneiro ás 10:00h, aulas 2.4 e 2.5

-2ª oportunidade: 23 de xuño, ás 10:00h, aulas 1.4 e 1.5

Bibliografía. Fontes de información

Abellán Honrubia, V; Vilá Costa, B y Olesti Rayo, A, **Lecciones de Derecho comunitario europeo**, Ariel,
Alcaide Fernández, J; Casado Raigón, R, **Curso de Derecho de la Unión Europea**, Tecnos,
Díez de Velasco, M (Coordinado por JM Sobrino), **Las Organizaciones Internacionales**, Tecnos,
Mangas Martín, A y Liñán Nogueiras, D.J, **Instituciones y Derecho de la Unión Europea**, Tecnos,
Sánchez, Víctor, M (dir), **Derecho de la Unión Europea**, Huygens,
Sobrino Heredia, J.M, **Recopilación de Textos Internacionales y de la Unión Europea**, Netbiblo,
Sánchez Ramos, B (dir), **La Unión Europea como actor global. Algunas cuestiones analizadas desde el Tratado de Lisboa**, Tirant lo blanch,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional I/O03G080V01101

Dereito: Dereito constitucional II/O03G080V01201

Dereito internacional público/O03G080V01303
